

UN SINGULAR CENTRO BIBLIOGRÁFICO GALEGO

Xosé Neira Vilas.

En 1969, hai trinta anos, fundouse a Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística da Habana (radica na Avda. Salvador Allende nº 710). Tocoume participar na súa creación e de continuar atendéndoa durante vintedous anos. Pouco a pouco este departamento, ademais dos traballos diversos realizados ó longo de dúas décadas, foise convertendo nun centro bibliográfico imprescindible para estudiar a nosa emigración á Illa. Un centro que hoxe por hoxe é o máis importante de América en canto á situación da diáspora galega.

Os fondos existentes proceden do Centro Galego da Habana (principalmente no que se refire a materiais de hemeroteca) e tamén de doazóns diversas pois houbo emigrantes que nos deixaron as súas bibliotecas en herdo. Noutros casos, mediante xestión nosa, fóronnos cedidos polos seus descendentes. Así podemos mencionar ó poeta e artesán noiés Eduardo Núñez, ó musicólogo viveirense Sinesio Fraga, ó xornalista e escritor Xerardo Álvarez Gallego, ó tamén xornalista Fuco Gómez, e algúns outros.

Sobre todo queremos salientar os nomes de Adolfo Calveiro, de Silleda, que dirixira a revista **Cultura Gallega** na década dos trinta, e do ourensán Antonio do Campo, profesor de francés, hai moitos anos, do Plantel Concepción Arenal e director da revista **Vida Gallega en Cuba**. Ambos eran autén-

ticos bibliófilos. Do Campo tiña valiosas obras do século XIX, varios incunables e inéditos, como unha obra do polígrafo cubano José Antonio Saco referida á escravitude. Pero o contenido temático fundamental da súa biblioteca era Galicia. Recordo, por exemplo, que reunía varias obras, en diferentes linguas, sobre Prisciliano, o heresiárca do século IV.

A existencia e coidadosa atención deses fondos veñen posibilitando que diversos estudiosos teñan ido a Cuba para levar a cabo investigacións sobre a emigración galega. E máis alá do noso ámbito teñen pasado por ese centro becarios de Alemania e os Estados Unidos, e a cotío chegan a el peticións de información dende moi variadas latitudes.

Proximamente, o Centro Ramón Piñeiro dará a coñecer en edición facsimilar as dúas revistas que nos comenzos deste século fundou na Habana Roberto Blanco Torres (a quen se lle dedica, como é sabido, o Día das Letras deste ano): **La Alborada** e **La tierra gallega**. Do mesmo xeito editarase **A gaita gallega** (1885-1889), primeira publicación periódica que veu a luz en América escrita integralmente na nosa lingua, gracias ó patriotismo e ó tesón de Manuel Lugrís Freire e de Ramón Armada Teixeiro, dous poetas emigrados. Os orixinais desas coleccións áchanse na mencionada Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística da Habana.

A nosa emigración xa é historia. Unha historia que inda está, en boa medida, por contar. Chegou a hora das investigacións, dos estudos, das teses arredor do tema. As novas xeracións teñen o dereito (e tamén o deber) de ir coñecendo a significación da peripecia e da obra dos seus avós que sairon na procura dunha vida mellor, que non sempre acadaron. E do facer creador levado a cabo dende a morriña.



O Instituto de Literatura e Lingüística de Cuba na cidade da Habana. Nel radica a Sección Galega, fundada por Neira Vilas.